



Curso de xestión de proxectos do VII Programa Cadro de I+D

**Narón (A Coruña)
26-28 novembro 2008**

Organiza:
Oficina de Programas
Internacionais de I+D+i (OPIDi),
Dirección Xeral de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación





O VII PROGRAMA CADRO DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO

O VII Programa Cadro de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico (FP7), cun orzamento de máis de 50.000 millóns de euros, é o principal instrumento de financiamento da I+D da Unión Europea. O seu obxectivo é o fortalecemento da ciencia e a tecnoloxía en Europa para incrementar a competitividade industrial e mellorar, ao mesmo tempo, a calidade de vida da cidadanía. A participación no Programa Cadro pode influír de forma decisiva na capacidade científica e técnica dun país e na súa competitividade.

Aínda que a participación galega no FP7 se incrementou con respecto a programas anteriores, hai un gran esforzo que realizar para mellorar o retorno acadado e a presenza das nosas empresas e os nosos investigadores nas iniciativas europeas. Mellorar a formación dos/as xestores/as de proxectos europeos é algo fundamental para acadar este obxectivo. Por este motivo, a **Oficina de Programas Internacionais de I+D+i da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación** está a organizar o "**Curso de xestión de proxectos do VII Programa Cadro**", no seu afán de facilitar e apoiar a participación dos axentes galegos en proxectos internacionais de I+D.

OBXECTIVO

Dotar ao persoal das entidades galegas dos **coñecementos** necesarios para afrontar con éxito a elaboración e **xestión de proxectos europeos de I+D**.

METODOLOXÍA

O curso terá un carácter práctico, polo que unha parte significativa do mesmo consistirá na realización de exercicios en grupo, baixo a supervisión do profesorado participante, o que facilitará a comprensión e asimilación dos coñecementos transmitidos, ademais de favorecer a interrelación entre os participantes. Por outra banda, as intervencións dos docentes percorreren, mediante exemplos concretos, a metodoloxía para a xestión dun proxecto de I+D+i: elaboración de propostas, organización dos proxectos, acordos de consorcio, contratos coa CE, custos, avaliación, explotación de resultados, plan de difusión e comunicación, etc.

PRÁCTICO
EXERCICIOS EN GRUPO
EXEMPLOS CONCRETOS
PASOS NA XESTIÓN DUN
PROXECTO I+D+i

Dirixido a: Persoal de centros de investigación públicos e privados, e de centros tecnolóxicos e empresas que teñan **experiencia previa na xestión de proxectos de I+D+i**.

Impartido por: **Expertos/as nacionais e europeos** con ampla experiencia na elaboración e xestión de proxectos internacionais de I+D+i.

Nº máximo de prazas: 30.

Prezo do curso: 350 € (custo do aloxamento e manutención das persoas participantes desde a mañá do mércores 26 ata a tarde do venres 28. O curso -docencia- é gratuito).

Lugar de realización: Hotel Río do Pozo, Río do Pozo. 15578 Narón (A Coruña).

Solicitude de inscrición: Enviar o formulario ao correo electrónico financiacionidi@eosa.com

Data límite de inscrición: 14 de novembro.

Unha vez recibida a solicitude, a organización porase en contacto coas persoas interesadas para confirmarlles a participación e proceder a realizar a formalización da inscrición no curso.

A organización resérvase o dereito de aprazar o curso no caso de que non se acade un número mínimo de participantes.

PROGRAMA

Mércores 26 de novembro

9:00-10:00 AM

10:00-11:00 AM

11:00-11:30 AM

11:30-12:00 AM

12:00-13:00 PM

13:00-14:00 PM

14:00-15:00 PM

15:00-16:00 PM

16:00-17:00 PM

17:00-18:00 PM

18:00-18:15 PM

18:15-19:00 PM

19:00-20:00 PM

20:30 PM

Mércores 26 de novembro

INAUGURACIÓN DO CURSO
*Dirección Xeral de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación*

O FP7 en breve
Serafín de la Concha. *CDTI*

Preparación e avaliación de propostas
Esther Casado. *CDTI*

Comida

Os temas transversais no FP7
Álvaro Gómez e Marta González. *EOSA*

O acordo de consorcio
Théodoros Stamatiadis. *IPR HELPDESK*

Café

TRABALLO EN GRUPO

TRABALLO EN GRUPO

Cea

Xoves 27 de novembro

O contrato coa CE
Rodolfo Piedra. *SOST*

Aspectos financeiros
Rodolfo Piedra. *SOST*

Café

Aspectos financeiros
Rodolfo Piedra. *SOST*

Organización do proxecto
Carolina Salas. *ECONET/PNO*

Comida

Seguimento e xustificación do proxecto
Antonio Paradell. *ATOS ORIGIN*

Ferramentas colaborativas
Andrés Gómez. *CESGA*

Café

TRABALLO EN GRUPO

TRABALLO EN GRUPO

Cea

Venres 28 de novembro

Plan de explotación
Antonio de la Cruz. *EOSA*

Plan de difusión
Jorge Izquierdo. *FUNDACIÓN ADEUROPA*

Café

TRABALLO EN GRUPO

TRABALLO EN GRUPO

Avaliación dos casos prácticos

CLAUSURA E VIÑO GALEGO
Director da OPIDi
Xavier Alcalá



econet



Máis información:

financiacionidi@eosa.com

www.opidi.org

Lugar de realización do curso:

Hotel Río do Pozo, Río do Pozo

15578 Narón (A Coruña)

<http://www.hotelriodopozo.com>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación



in.ci.te
Innovación, Ciencia e Tecnoloxía



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia